



DIA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

5 xuño 2020

BIODIVERSIDADE: “O MOMENTO DA NATUREZA”

NOTA DE PRENSA

Que estamos a experimentar unha crise de biodiversidade sen precedentes na historia deste planeta é un feito que a meirande parte de nós, as persoas que nos dedicamos ao estudo e ao exercicio da bioloxía, atopamos difícil de cuestionar. Ao igual que acontece coa outra das grandes crises ambientais contemporáneas a escala global, a crise climática, as evidencias son esmagadoras de máis. E non estamos a falar dun futuro máis ou menos inmediato. Estamos a falar do agora, do intenso e urxente agora.

A vida está a empobrecerse a un ritmo de vertixe. Á extinción absoluta de moitas especies estase a sumar a diminución xeneralizada dos efectivos de moitas outras. E non estamos a falar das especialistas, das especies que son raras de seu, estamos a falar igualmente de especies comúns e amplamente distribuídas. Neste último ano publicáronse varios estudos de gran alcance que documentaron perdas dunha parte substancial das aves e dos insectos –si, dos insectos– ao longo das últimas décadas. A percepción da xente maior resultou ser certa: agora hai moita menos biodiversidade que cando eles eran novos. E a diminución da abundancia é, non o esquezamos, a antesala da extinción.

As causas son recorrentes e insidiosas e teñen, como causa primeira, ao ser humano: a destrución dos hábitats, a intensificación agropecuaria, as especies invasoras e, sinaladamente, o cambio climático. En Galicia a situación da biodiversidade é preocupante xa que depende da persistencia dun mosaico de hábitats que están a desaparecer. O despoboamento e o conseguinte colapso socioeconómico do medio rural co seu fatídico binomio de intensificación-abandono están a uniformizar as paisaxes. As terras máis produtivas e doadas de traballar explótanse intensamente, as menos produtivas ou peores de traballar abandónanse.

A intensificación agrícola é o principal factor de perda de biodiversidade en Europa. Semella que os monocultivos e os modelos de produción intensiva conseguen produtos baratos cun custo ambiental e social elevadísimo.

En definitiva, nós, a especie humana, somos, a día de hoxe, incapaces de xestionar a biodiversidade. E o máis terríbel é que estamos a dilapidar un capital natural que, tal e como está a lembrarnos a crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID19 dun xeito trágico, é esencial para a nosa propia supervivencia. A destrución da natureza está na orixe da COVID19, pois favoreceu que o virus pasase aos humanos e mais deixounos indefensos. O remedio á COVID19 estaba na biodiversidade. O remedio estaba na aplicación de conceptos, modelos e técnicas de conservación da biodiversidade que a bioloxía leva décadas poñendo a proba. Cantas especies, cantas ensamblaxes de especies que tan negligentemente estamos a destruír non estarán neste momento protexéndonos de potenciais patóxenos?

Mais a crise provocada pola expansión da COVID19 estanos a demostrar que as sociedades humanas somos ben capaces de actuar rapidamente e de actuar a escala planetaria. Antes da pandemia non tiñamos evidencias de sermos quen de facerlle fronte a unha crise global e urxente. Agora xa sabemos que si. Porque reverter a sangría de biodiversidade, frear a destrución da natureza, vai requirir, seguramente, de actuacións cunha carga de compromiso e coordinación comparables ás desenvolvidas nestes últimos meses de crise sanitaria. E nese empeño por conservar o complexo e rico patrimonio natural que sustenta os sistemas naturais dos que a humanidade vive, as persoas que describimos, clasificamos, relacionamos e estudamos as leis que gobernan a biodiversidade temos unha responsabilidade grande. É o momento da natureza, é o momento da biodiversidade.

Os biólogos e biólogas de Galicia, no Día Mundial do Medio Ambiente, aseguramos unha vez máis o noso compromiso real e efectivo coa conservación da Biodiversidade.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

info@biologosdegalicia.org

981 53 14 40